

CONVENIO ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA (AMTEGA), A AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS (AXEGA) E A FUNDACIÓN CENTRO DE INVESTIGACIÓN EN TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E AS COMUNICACIÓNS DE GALICIA PARA A MELLORA DO SISTEMA DE PROCESADO E TRANSCRIPCIÓN DAS COMUNICACIÓNS TELEFÓNICAS RECIBIDAS NO CENTRO DE OPERACIÓNS DO 112 DE GALICIA

En Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2025

REUNIDOS

Dunha parte, a **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante AMTEGA)**, con NIF Q1500382E, e no seu nome e representación D. Julián Cerviño Iglesia, na súa calidade de director, segundo se establece no Decreto 149/2022, do 1 de setembro, polo que se nomea director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, e de conformidade co disposto no Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 9/2021, de 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.

Doutra parte, a **Axencia Galega de Emerxencias (en diante AXEGA)**, con NIF Q1500324G e no seu nome e representación D^o. Diego Calvo Pouso, presidente da Axencia Galega de Emerxencias e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, en virtude do disposto no Decreto 292/2008, do 30 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Axencia Galega de Emerxencias.

E doutra parte, a **Fundación Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacóns de Galicia (en adiante "FCITICG")**, con NIF G70470968 e dirección no Campus de Elviña s/n, 15071, A Coruña, actuando en nome e representación de dita Fundación, D. Antonio Rojo Álvarez, con DNI 32845167V, en calidade de director-xerente, nomeado mediante escritura pública elevada ante notario co nº de protocolo 3.856, segundo o certificado incorporado a mesma por reunión do padroado do 31 de maio de 2024. A Fundación foi constituída por tempo indefinido a medio de escritura autorizada polo notario Don Francisco Manuel López Sánchez, o día 20 de novembro de 2025 con número 2.582 de protocolo e figura no Rexistro de Fundacións de Interese Galego co número 2026/5.

Cada unha das partes, recoñécense reciprocamente capacidade legal suficiente para obrigarse mediante o presente Convenio, e en nome e representación das respectivas entidades subscriben o presente documento, e para ese efecto,

MANIFESTAN

1º.- Que a AMTEGA é unha axencia pública autonómica con personalidade xurídica e patrimonio propios que ten como obxectivos básicos a definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia no ámbito das tecnoloxías da información e comunicacións, e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico. Entre as súas competencias figuran a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións; a elaboración, desenvolvemento e execución da estratexia tecnolóxica global do sector público autonómico de Galicia; a definición dos estándares e directrices tecnolóxicas aos que deberán axustarse todos os órganos dependentes da Xunta de Galicia; o fomento da colaboración e da acción coordinada entre administracións públicas en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións; e o fomento da innovación no ámbito das tecnoloxías da información e as comunicacións en colaboración cos organismos e institucións competentes na materia, sen prexuízo das competencias que, en materia de innovación, poidan corresponder a outras entidades integrantes do sector público autonómico.

2º.- Que a AXEGA é unha axencia pública autonómica, con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e plena capacidade para o desenvolvemento dos seus fins. Configúrase como ente instrumental para a xestión das emerxencias segundo as instrucións emanadas do órgano administrativo que ten as facultades para a xestión de emerxencias e a protección civil e ten entre as súas funcións a xestión do Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia e a prestación material da asistencia requirida polos cidadáns e polas cidadás a través del, ou dar traslado, segundo se estableza regulamentariamente, daquelas que lles corresponda atender a outros organismos competentes na materia.

3º.- Que a FCITICG é unha fundación de interese galego que ten como fins a a contribución ao fortalecemento, potenciación, crecemento e mellora da competitividade do sector TIC de Galicia mediante o fomento da excelencia na investigación e a transferencia de tecnoloxía, así como a produción, promoción, asesoramento e divulgación do coñecemento no campo das TIC e a formación de persoal experto no dito campo. Ten a consideración de medio propio instrumental e de servizo técnico da Universidade da Coruña, do Concello da Coruña e das entidades instrumentais de ambas entidades.

O Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e das Comunicacións (en diante CITIC), a través do que se concretan de xeito prioritario os fins da FCITICG, dispón de recursos materiais e persoais no ámbito tecnolóxico e de investigación que complementan as necesidades para o desenvolvemento e execución do presente Proxecto. Dito centro conta cunha dilatada experiencia en investigación, desenvolvemento e innovación

no ámbito da intelixencia artificial e das tecnoloxías da linguaxe natural, nomeadamente nas linguas ibéricas, como o galego, portugués e castelán, e colabora con empresas do sector para dinamizar e poñer en valor emprendementos vinculados a proxectos relacionados coa Intelixencia Artificial (IA) e as Tecnoloxías Lingüísticas (TL).

4º.- Que a Xunta de Galicia aprobou, no marco da Estratexia Galicia Dixital 2030, a Estratexia Galega de Intelixencia Artificial 2030, orientada a aproveitar o potencial da Intelixencia Artificial en Galicia, permitindo avanzar cara a unha Galicia Intelixente, de forma coordinada e sumando os esforzos dos sectores público e privado en base ao desenvolvemento e despregamento dunha intelixencia artificial de vangarda, ética e segura, pola vía da promoción dun enfoque centrado no ser humano.

Unha das medidas recollidas na devandita Estratexia é a promoción da implantación da Intelixencia artificial como elemento transformador para a prestación de servizos públicos e o impulso dos sectores estratéxicos para Galicia e avanzar na súa adopción como activo para optimizar estes e a fiabilidade na a súa toma de decisións.

5º.- Que a Unión Europea está a traballar na consolidación dun modelo de regulación e en políticas que permitan o desenvolvemento e aproveitamento das tecnoloxías dixitais en favor da sociedade e a da economía, o que lle ten levado a aprobar o Regulamento (UE) 2024/1689 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xuño de 2024, polo que se establecen normas harmonizadas en materia de intelixencia artificial e polo que se modifican os Regulamentos (CE) n.º 300/2008, (UE) n.º 167/2013, (UE) n.º 168/2013, (UE) 2018/858, (UE) 2018/1139 e (UE) 2019/2144 e as Directivas 2014/90/UE, (UE) 2016/797 e (UE) 2020/1828 (Regulamento de Intelixencia Artificial), Isto comporta que as iniciativas innovadoras que desenvolva a Xunta de Galicia neste eido deban introducir aspectos de investigación de vangarda que permitan que tales desenvolvementos se planifiquen prevendo que sexan compatibles non só coa regulación actual, senón cos futuros desenvolvementos normativos.

6º. Que no ámbito normativo da Comunidade Autónoma de Galicia, a Lei 6/2013, do 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia establece no seu artigo 111 que a transferencia de coñecemento é un dos mecanismos polos que o valor creado na universidade a través da investigación retorna á sociedade.

7º.- Que a FCITICG, a través do CITIC, e a AXEGA comezaron a súa colaboración no ano 2021 para identificar as necesidades que AXEGA tiña no campo da dixitalización de procesos. Froito das devanditas reunións, resultaron seleccionadas dúas propostas de gran importancia para a entidade e que, á súa vez, o CITIC contaba coa capacidade necesaria para dar resposta ás devanditas necesidades.

A AXEGA dispón dun sistema de gravación das chamadas entrantes e saíntes da central de emerxencias. Ditas gravacións son de utilidade para realizar verificacións de datos e, en ocasións, a transcripción das mesmas faise necesaria por motivos xudiciais. Devanditos arquivos de audio eran almacenados en ficheiros WAV con compresión GSM e reproducidos e transcritos de maneira completamente manual por traballadores da entidade. Co obxectivo de facilitar as tarefas de transcripción e habilitar a posibilidade de realizar análise de datos e procuras avanzadas, observouse a necesidade de contar cun sistema de transcripción automatizado das chamadas telefónicas.

Á vista de que o CITIC contaba coa capacidade suficiente para dar solución á necesidade detectada pola AXEGA, ambas as entidades decidiron colaborar e levar a cabo o inicio do desenvolvemento deste proxecto.

Tras a finalización dos prototipos correspondentes, expónse avanzar cara á creación dunha versión mellorada e máis sofisticada. Este proceso implicará unha revisión exhaustiva e unha mellora das características existentes, así como a posible incorporación de novas funcionalidades que reforcen a eficacia e a eficiencia do proxecto.

8º.- Que todas as partes están interesadas en consolidar as bases para o desenvolvemento dun proxecto que permita a mellora do sistema de procesado e transcripción das comunicacións telefónicas recibidas no Centro de Operacións do 112 de Galicia, no marco da Estratexia Galega de Intelixencia Artificial 2030.

9º.- Que conforme aos seus fins e obxectos sociais, a AMTEGA, a AXEGA e a FCITICG acordan subscribir o presente convenio para o dun proxecto que permita a mellora do sistema de procesado e transcripción das comunicacións telefónicas recibidas no Centro de Operacións do 112 de Galicia, que se rexerá polas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a AMTEGA, a AXEGA e a FCITICG, a través do CITIC, para a realización dun proxecto que permita a mellora do sistema de procesado e transcripción das comunicacións telefónicas recibidas no Centro de Operacións do 112 de Galicia.

As actuacións nas que se concretará a colaboración prevista no convenio son:

- Análise de estratexias para a recolección de audio de alta calidade para evitar a restrición actual de ficheiros de moi baixa calidade.

- Desenvolvemento e avaliación de novos modelos de audio en galego e castelán que melloren polo menos entre un 10% e un 20% os resultados obtidos para audios de baixa calidade, mantendo unha porcentaxe superior ao 90% para audios de alta calidade.
- Creación dunha base de datos coas transcricións realizadas que sirva de base para poder realizar procuras rápidas ou estudos posteriores (e.g., para localizar facilmente todas as chamadas relacionadas cun evento de emerxencia, ou para xerar informes nos que se cuantifique cantas chamadas recibíronse durante un período temporal en relación a un tema concreto).
- Desenvolvemento dun modelo de linguaxe para inglés, así como un sistema intelixente que decida con alta probabilidade o idioma correcto para usar o modelo de transcripción máis adecuado.

O plan de traballo, así como as liñas de acción que se van desenvolver durante a vixencia do presente convenio xúntanse como anexo e formarán parte integrante del.

SEGUNDA.- Responsabilidade do proxecto

A Amtega, a Axega e a FCITICG, a través do CITIC, serán as encargadas de realizar as actuacións necesarias para desenvolver as actividades obxecto do convenio, nun proceso de colaboración continuo. As entidades asinantes, como coorganizadoras, terán unha participación activa e esencial na realización do obxecto do convenio e compartirán, nos termos que se indiquen neste convenio, a titularidade dos resultados dos traballos realizados.

A participación do equipo de traballo ou equipos de traballo dos investigadores da FCITICG nas actividades recollidas neste convenio efectuarase conforme a regulamentación propia da dita entidade recollida nos seus estatutos e no Regulamento para a realización de actividades de investigación aprobado polo Consello Social da Universidade da Coruña o 29 de maio de 2024, o abeiro do artigo 60 da Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario (LOSU), así como o Regulamento para a contratación de servizos científicos, tecnolóxicos, artísticos, humanísticos ou docentes (DOG nº.119, do 20 de xuño de 2024).

Calquera das institucións e entidades que participan no proxecto, cada unha no seu ámbito competencial de actuación, dispón de persoal asignado aos servizos xurídicos, persoal docente e/ou investigador, e a infraestrutura técnica e a tecnoloxía máis adecuada para garantir a consecución dos obxectivos de interese público perseguidos coa sinatura deste convenio. Se fose necesario contratar medios humanos, técnicos ou materiais complementarios para o axeitado desenvolvemento do obxecto do convenio, a devandita contratación realizarase de acordo coa normativa específica que resulte de aplicación ao abeiro da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español, as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

A subscrición deste Convenio non implicará relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais ou entidades que vaian desenvolver as actuacións obxecto do Convenio e a Xunta de Galicia ou

Amtega, de tal xeito que non se poderá esixir a esta administración responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do devandito Convenio.

TERCEIRA.- Compromisos das partes

As partes comprométense a desenvolver de xeito coordinado, no ámbito das súas respectivas competencias, as actuacións e medidas necesarias para o eficaz cumprimento do obxecto do presente convenio.

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, ao abeiro do presente convenio, asume os seguintes compromisos:

1. Coordinar o desenvolvemento do proxecto previsto na cláusula primeira deste convenio.
2. Colaborar activamente en todas as actuacións previstas no plan de traballo, así como as liñas de acción que se van desenvolver durante a vixencia do presente convenio, en particular nos aspectos vinculados ao seu ámbito competencial.
3. Poñer a disposición do proxecto a infraestrutura técnica dixital para a implementación do obxecto do convenio, concretadas nas liñas de acción do plan de traballo, o que non comportará a asunción de obrigas económicas por parte da AMTEGA.
4. Achegar o financiamento previsto na cláusula cuarta do presente convenio.
5. Aplicar medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión e cumprir a normativa comunitaria, estatal e autonómica de aplicación.

A Axencia Galega de Emerxencias, ao abeiro do presente convenio, asume os seguintes compromisos:

- 1 Colaborar activamente en todas as actuacións previstas no plan de traballo, así como as liñas de acción que se van desenvolver durante a vixencia do presente convenio, en particular nos aspectos vinculados ao seu ámbito competencial.
- 2 Poñer a disposición do proxecto as necesidades funcionais necesarias para a implementación do obxecto do convenio, concretadas nas liñas de acción do plan de traballo, o que non comportará a asunción de obrigas económicas por parte da AXEGA.
- 3 Asignar os medios humanos e materiais que sexan necesarios e, de ser o caso, a contratación das colaboracións externas que se precisen para a execución das actuacións establecidas neste convenio.
- 4 Aplicar medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión e cumprir a normativa comunitaria, estatal e autonómica de aplicación.

A Fundación Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions de Galicia, a través do CITIC, asume os seguintes compromisos ao abeiro do presente convenio:

- 1 Colaborar activamente en todas as actuacións previstas no plan de traballo, así como as liñas de acción que se van desenvolver durante a vixencia do presente convenio, en particular nos aspectos vinculados ao seu ámbito competencial.
- 2 Participar no desenvolvemento das tarefas investigadoras e de realización dos resultados previstos na cláusula primeira do presente convenio segundo a metodoloxía e a planificación de datas para a obtención de resultados no desenvolvemento do proxecto durante a vixencia do convenio.
- 3 Asignar os medios humanos e materiais que sexan necesarios e, de ser o caso, á contratación das colaboracións externas que se precisen para a execución das actuacións establecidas neste convenio.
- 4 Achegar coa xustificación os informes e documentos que acrediten de maneira fidedigna o desenvolvemento do obxecto do presente convenio, así como os informes e demais documentos requiridos pola Xunta de Galicia.
- 5 Contribuír ao financiamento das actividades do convenio nos termos previstos na cláusula cuarta.
- 6 Facer figurar expresamente o financiamento da Xunta de Galicia na totalidade das actuacións asociadas a este Convenio.
- 7 Aplicar medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión e cumprir a normativa comunitaria, estatal e autonómica de aplicación.

CUARTA.- Financiamento

1. O orzamento previsto para a realización do obxecto do presente convenio ascende a 215.000,00 €.

| Entidade | Importe |
|-----------------|----------------|
| Amtega | 150.000 € |
| FCITICG | 65.000 € |

A Amtega colaborará na realización do obxecto do convenio cunha achega máxima de 150.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 10.A1.571A.640.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 e destinará o devandito importe ao pagamento dunha parte dos custos das horas de traballo do persoal de dirección e execución dos traballos para o desenvolvemento do plan de traballo conxunto baseado nos principios inspiradores da intelixencia artificial e das tecnoloxías da linguaxe.

A referida achega é unha porcentaxe do importe total do proxecto e financiará exclusivamente unha parte dos custos do convenio, sen que a FCITICG obteña beneficio ou lucro ningún.

A FCITICG contribuirá, con cargo aos seus orzamentos propios, a financiar a diferenza entre a achega económica da Amtega e o orzamento total do convenio. Para tales efectos, a FCITICG, a través do CITIC, cofinanciará unha parte dos custos nos que incurran as partes asinantes pola realización das obrigas derivadas deste convenio e que non financiará a Amtega (gasto en persoal, material, instalacións, equipamento, etc.). O importe estimado desta asignación estímase en 65.000 €, sen prexuízo do seu incremento en atención ás horas de traballo efectivamente dedicadas como consecuencia da actividade do persoal propio, docente e investigador relacionada co desenvolvemento e execución das actuacións que constitúen o obxecto do convenio.

QUINTA.- Forma de pagamento e xustificación do convenio

O pagamento da achega prevista na cláusula cuarta do presente convenio realizarase previa solicitude da FCITICG e xustificación do desenvolvemento das actuacións levadas a cabo na súa execución. A tal fin, a FCITICG deberá achegar á Amtega as correspondentes certificacións antes do 10 de decembro de 2025, as cales incluírán a seguinte documentación:

a) Memoria xustificativa asinada pola persoa investigadora principal do equipo de traballo do cumprimento das condicións establecidas neste Convenio, con indicación das actividades realizadas, resultados obtidos e as incidencias máis significativas.

b) Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterá:

1º Relación clasificada dos gastos atendibles, con identificación do acredor e do documento, concepto, importe, data de emisión e data de pago.

2º Xustificación dos gastos atendibles: orixinais ou copias compulsadas das facturas ou dos documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil, ou con eficacia administrativa, incorporados na relación clasificada dos gastos.

3º Nóminas pagadas, gasto de seguridade social e importes retidos en concepto de IRPF e certificado de dedicación emitido pola FCITICG da asignación das persoas ao proxecto. Para a imputación dos gastos de persoal ao proxecto, a FCITICG, a través do CITIC, deberá realizar, con anterioridade á execución do convenio, a imputación de persoal propio ás actividades obxecto do convenio, indicando as porcentaxes de dedicación previstas, e así mesmo, na fase de xustificación, deixará constancia documental das horas efectivamente consumidas polos traballadores/as imputables ao proxecto, explicitando as súas dedicacións horarias, en documento asinado polo responsable da entidade e a persoa empregada, e acompañada dos correspondentes partes de traballo. A estes efectos achegará un certificado da persoa responsable ou do órgano de control que corresponda, que acredite a toma de razón en contabilidade de que se executou o obxecto do convenio e que as achegas das partes



cofinanciadoras foron destinadas ao pagamento dos custos por hora do persoal investigador propio e, de ser o caso, os custos do persoal externo contratado, que irá acompañado dunha relación valorada das horas dedicadas ao proxecto polo equipo ou equipos de traballo da FCITICG, así como, no seu caso, dos colaboradores externos.

- 4º Seguridade Social do período que se alega: Documentos/s de Relación nominal de traballadores e Documento/s de Cálculo da Liquidación e os correspondentes xustificante/s de pago.
- 5º Importes retidos IRPF do período que se alega: Modelo/s 111 e os correspondente/s xustificante/s do seu ingreso na AEAT.
- 6º Xustificación dos pagamentos: transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.
- 7º Certificacións expedidas polas respectivas Administracións Públicas, que acrediten que se está ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social, así como a acreditación de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma ou autorización para que a Amtega realice estas consultas polos seus propios medios.
- 8º No caso de estar exento do imposto sobre o valor engadido (IVE), documentación acreditativa da mencionada exención.
- 9º Declaración da titularidade da conta bancaria onde se debe realizar o pagamento.
- 10º Xustificación, de ser o caso, doutros ingresos obtidos para financiar a actividade, non podendo superar o 100% do seu custo total.

c) A FCITICG achegará un certificado da persoa responsable ou do órgano de control que corresponda, que acredite a toma de razón en contabilidade de que se executou o obxecto do convenio e que as achegas da parte cofinanciadora foron destinadas ao pagamento das actividades propias do convenio, xunto coa información detallada das actuacións realizadas e resultados obtidos. Os gastos de xestión e os gastos de dirección científica incorridos no marco do presente convenio xustificaranse mediante certificación expedida polo órgano competente.

No caso de que a acreditación dos custos do convenio e, máis concretamente, a súa equivalencia en horas de dedicación ao proxecto, sexa inferior ao orzamento total do convenio, a achega das partes reducirase na mesma proporción.

En todo caso, a Amtega resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa realización das actuacións obxecto deste Convenio, e calquera outra que estime oportuna para a correcta xustificación do gasto e o seu pagamento.

A sinatura deste convenio comportará a autorización á Amtega para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

A FCITICG facilitará toda a información que lle requira a Xunta de Galicia ou a Amtega, así como a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, a Intervención Xeral da Administración do Estado, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control. Igualmente estará suxeita ás comprobacións e verificacións a realizar polo OI, AG o AC e, de ser o caso, polos órganos de control da Comisión Europea e do Tribunal de Cuentas Europeo ou outras instancias de control.

SEXTA.- Comisión de Seguimento

Para a vixilancia, seguimento e control da execución do Convenio, así como para propoñer solucións e solventar as dúbidas que poidan xurdir na aplicación e interpretación das súas estipulacións, constituirase unha Comisión de Seguimento coa seguinte composición:

- Unha persoa representante da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, nomeada pola seu titular.
- Unha persoa representante da Axencia Galega de Emerxencias, nomeada polo seu titular.
- Unha persoa representante da FCITICG, nomeada polo seu titular.

Presidirá a Comisión de Seguimento a persoa representante da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

A comisión de seguimento manterá reunións periódicas de coordinación, seguimento e control das actividades realizadas e xestionará calquera modificación que xurda no desenvolvemento do proxecto nun proceso de colaboración mutua entre as partes asinantes. Ás reunións da comisión asistirán os seus membros ou as persoas en quen deleguen.

A comisión poderá adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias para asegurar o cumprimento do obxecto do presente convenio.

SÉTIMA.- Resultados conxuntos

1. Os resultados obtidos como consecuencia da colaboración obxecto deste convenio corresponderán de xeito conxunto ás partes asinantes e, cada unha delas, poderán facer uso gratuito destes co consentimento unánime das outras partes.

2. Os dereitos incorporais de propiedade intelectual de carácter patrimonial respecto dos recursos dixitais ou tecnolóxicos que, de ser o caso, se xeren nas diferentes fases de desenvolvemento do proxecto, de titularidade común das partes asinantes, pola sinatura do presente convenio cederanse de xeito gratuito á Xunta de Galicia para o seu destino ao uso público con formatos dixitais baixo licenzas libres e con códigos abertos para ser empregados, libre e gratuitamente, polas persoas destinatarias.

OITAVA.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor o mesmo día da súa sinatura dixital pola persoa asinante que o faga en último lugar e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2025, agás que sexa denunciado por escrito por algunha das partes asinantes polo incumprimento dos compromisos que nel se recollen.

Antes da finalización do prazo de vixencia, os asinantes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un máximo dun ano máis. De prorrogarse o convenio, na correspondente addenda estableceríanse as obrigas concretas das partes asinantes.

NOVENA.- Causas de resolución

O presente Convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución. Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia sen terse acordado a prórroga .
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10 días hábiles coas obrigas ou compromisos que se consideren incumpridos. Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o Convenio.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores previstas neste Convenio ou na normativa aplicable.

Se cando concorra calquera das causas de resolución deste Convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, por proposta da Comisión de Seguimento, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas.

DÉCIMA.- Publicidade

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro (BOE 10-12-2013), de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia

A FCITICG deberá subministrar toda a información necesaria para que a AMTEGA poida dar cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dos dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

DÉCIMO SEGUNDA.- Modificacións

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A devandita modificación terá por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

DÉCIMO TERCEIRA.- Natureza xurídica e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Así mesmo, será de aplicación á Xunta de Galicia a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, polo que se refire ao contido da colaboración mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público. O artigo 14 prevé que a Administración xeral da comunidade autónoma e as entidades do sector público, ou estas entre elas, poderán formalizar acordos de colaboración ou cooperación para o servizo aos intereses xerais da súa competencia.

Doutra banda, aínda que é un dos negocios xurídicos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, no non previsto aplicaráselle os principios recollidos na citada lei, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio e non puidesen solventarse no seo da Comisión de Seguimento prevista na cláusula quinta.

Pola **AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA
(AMTEGA)**

Julián Cerviño Iglesia
DIRECTOR

Pola **AXENCIA GALEGA DE
EMERXENCIAS (AXEGA)**

Diego Calvo Pouso
PRESIDENTE

Pola **FUNDACIÓN CITIC
(FCITICG)**

Antonio Rojo Álvarez
DIRECTOR -XERENTE

Anexo

PLAN DE TRABAJO

Fase 1: Estratexias para Recolección de Audio de Alta Calidade.

- T1.1 – Análise xunto a AXEGA das posibles estratexias para a recolección de audio de alta calidade.
- T1.2 – Deseño da arquitectura de comunicacións.
- T1.3 – Integración do sistema de transcricións con AXEGA para a recolección dos audios.
- T1.4 – Deseño da base de datos de transcricións.
- T1.5 – Integración da base de datos de transcricións.
- T1.6 – Desenvolvemento dun sistema de proba para a realización de procuras na base de datos de transcricións.

Fase 2: Mellora de Modelos de Galego e Castelán.

- T2.1 – Análise da estado da arte de modelos de linguaxe para galego e castelán.
- T2.2 – Avaliación e benchmarking dos modelos seleccionados.
- T2.3 – Optimización e fine-tuning dos modelos máis prometedores.
- T2.4 – Integración dos modelos e validación co sistema de transcripción.

Fase 3: Creación de Modelo de Inglés.

- T3.1 – Análise da estado da arte de modelos de linguaxe para inglés.
- T3.2 – Avaliación e benchmarking dos modelos seleccionados.
- T3.3 – Optimización e fine-tuning dos modelos máis prometedores.
- T3.4 – Integración dos modelos e validación co sistema de transcripción.

| | | Q1 | Q2 | Q3 | Q4 |
|---|------|----|----|----|----|
| Coordinación | | | | | |
| Fase 1: Estratexias para Recolección de Audio de Alta Calidade | T1.1 | | | | |
| | T1.2 | | | | |
| | T1.3 | | | | |
| | T1.4 | | | | |
| | T1.5 | | | | |
| | T1.6 | | | | |
| Fase 2: Mellora de Modelos de Galego e Castelán | T2.1 | | | | |
| | T2.2 | | | | |
| | T2.3 | | | | |
| | T2.4 | | | | |
| Fase 3: Creación de Modelo de Inglés. | T3.1 | | | | |
| | T3.2 | | | | |
| | T3.3 | | | | |



O CITIC deberá facilitar á Amtega e á Axega, polo menos, os seguintes entregables:

- Software desenvolto e colaboración para a instalación nos servidores da AXEGA. NOTA: Para a instalación do produto final, AXEGA deberá dispoñer dun servidor físico ou virtual con aproximadamente 128GB de RAM e 32 cores Intel Xeon, así como capacidade de cómputo en GPU (pendente de detallar).
- Manual de instalación e requisitos hardware.
- Informe técnico detallado dos modelos implementados.
- Plan de formación técnico de 10 horas para a utilización do produto

COORDINACIÓN Y DIRECCIÓN CIENTÍFICA DEL PROYECTO

Dirección científica: Manuel Francisco González Penedo

Investigación principal: Tiago Manuel Fernández Caramés